



Concello de Meaño

Expte núm.: 387/2025

Asunto: Pago CEIP COIRON-DENA EXCURSIÓN FIN DE ETAPA ALUMNADO 6º PRIMARIA

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a solicitude efectuada pola directora do CEIP-COIRON DENA de colaboración do Concello de Meaño para sufragar os gastos da excursión de fin de etapa do alumnado de 6º de primaria realizada do ano 2024, solicitando unha aportación do concello de 20 €/alumno, sendo os alumnos participantes 18 (360,00 €).

Visto o informe da Intervención de data 13/10/2025, no que formula reparo suspensivo en relación recoñecemento da obriga e pago desta subvención por non seguir o procedemento legalmente establecido.

Visto que estes gastos contan con crédito orzamentario suficiente para a súa aprobación na de bolsa de vinculación 3-4 (aplicación orzamentaria 326-4800002) polo importe total de 360,00 €.

Vista a importancia que ten a educación dos menores, e sen prexuízo de que sexa necesario adecuar a tramitación destes expedientes a normativa vixente, esta Alcaldía en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 217 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o artigo 54 e seguintes do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Resolver as discrepancias contidas no informe de reparo da secretaria-intervención, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente, procedendo a levantar o reparo.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o gasto, aprobar o recoñecemento da obriga así como a ordenación do pago con cargo a aplicación orzamentaria 326-4800002 ao CEIP COIRON DENA polo importe de 360,00 € en concepto de colaboración do Concello de Meaño na excursión de fin de etapa do alumnado de 6ª de educación primaria do ano 2024.

Mándao e asíno o alcalde, na data indicada na marxe, do que como secretario da corporación dou fe, aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra “e” do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo

(Asinado dixitalmente na marxe)

